


ACTIVIDADES

- 1 Que é o sector secundario? Que traballos agrupa?
- 2 Pensa en que se parecen e en que se diferencian o traballo da industria e a artesanía. Compáraos no caderno a partir destes temas:
 - Lugar de traballo.
 - Máquinas que utilizan.
 - Número de traballadores: moitos ou poucos.
 - Cantidade de produtos que obteñen.
- 3 **EDUCACIÓN EN VALORES.** Cada ano prodúcense miles de residuos de produtos industriais. Explica como se reduce o lixo en cada caso:
 - Reutilizar envases.
 - Reciclar.
 - Reducir o consumo.

109



Intentade facer boa letra e ser curiosos.

É fundamental ler antes de facer os exercicios e visualizar os vídeos titorias de apoio e logo tentar de facer os exercicios.

Para afianzar ben o traballado, logo de facer os exercicios sería conveniente que lerades ben as páxinas do libro e o resumo que vos mando copiar na libreta.

O resumo da libreta debédelo memorizar, pois sempre farei preguntas dese resumo.

Ánimo que o estades a facer moi ben!

Solucionario

1 O sector secundario é o que inclúe todas as actividades que transforman materias primas en produtos elaborados.

Agrupa os traballos que se fan nas fábricas, nos obradoiros artesanais e os da construción.

2 R. M. A industria realízase en fábricas, que son edificios grandes, con moitos traballadores, que utilizan máquinas moi complexas que funcionan con enerxía e que fabrican moitos produtos iguais en moi pouco tempo. A artesanía desenvólvese en pequenos obradoiros, nos cales traballan poucas persoas, principalmente coas súas mans e máquinas sinxelas, e que fabrican poucos produtos que non adoitan ser completamente iguais entre si.

3 **Educación en valores.** R. M. • A reutilización de envases permite darlles outro uso antes de tiralos ao lixo. • Reciclar significa utilizar os residuos para elaborar novos produtos. • Reducir o consumo quere dicir utilizar menos produtos, menos auga e menos enerxía.